

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE XULLO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de xullo de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, en substitución do vicesecretario accidental, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 5, 12, 19, 26 de xuño e 3, 10 de xullo de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DA CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para agregación funcional dos inmobles nº 4 e 5 de Praza Maior con modificación no núcleo de comunicacións e remodelación parte de planta 3ª do nº 4 e reestruturación total e cambio de uso no nº 5 para local sen uso en planta baixa e oficinas e administrativo en plantas altas, (expte: 139/2019).

Tamén se acorda a concesión da licenza para construír un edificio na parcela Dd-6, do Sector Sur-K (URPI-2.R) (expte: 2021/Y001/000239).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación da concesión administrativa para a ocupación de dominio público ferroviario, entre o administrador de infraestruturas ferroviarias (ADIF) e o Concello de Lugo e posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos entregados a este Concello. Exp. ref. 2024/C022/000049.

Así mesmo, acórdase a posta a disposición da Xunta de Galicia de terreos municipais para a realización das obras no desenvolvemento da nova Área de Transporte Intermodal de Lugo e o seu entorno urbano. Exp. ref. 2024/C022/000052.

3. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases para a contratación de tres socorristas para salvamento acuático.

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade 2 prazas de inspector principal da policía local pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (1 pertencente á OEP de 2022 e 1 pertencente á OEP de 2023).

4. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Lugo para o desenvolvemento e execución do “Plan España te protege contra la violencia machista” no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia”, financiado pola Unión Europea”, Next Generationeu.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aceptación e execución da subvención outorgada ao Concello de Lugo dentro do proxecto socilibre - programa Interreg VI a España-Portugal -Poctep- 2021-2027; código de proxecto: 242410002.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.